

Texto Locke-1

“Pero, aínda que este sexa un estado de liberdade, non é, porén, un estado licencioso; aínda que o home neste estado teña unha incontrolada liberdade para dispor da súa persoa e propiedades, con todo, **non ten liberdade para destruírse a si mesmo, ou menos aínda a calquera criatura que estea no seu poder, excepto no caso en que algunha razón máis nobre que a súa preservación o guiase.** O **estado de Natureza** ten unha **lei da Natureza para gobernarse, a cal obriga a todo o mundo**, e esta é a razón, a cal ensina a todos os homes, só con que queiran consultala, que, sendo todos iguais e independentes, **ninguén debe danar a outro na súa vida, saúde, liberdade ou posesións**; xa que, sendo todas as persoas a obra dun Creador omnipotente e infinito; todos serventes dun xefe soberano, enviados ó mundo baixo a súa orde e negocio, eles son a súa propiedade, a súa obra, e foron feitos para durar mentres el o queira, e non mentres a outro lle praza. E sendo creado con tales facultades, compartindo todos a mesma comunidade da natureza, non pode ser suposta ningunha subordinación entre nós que nos autorice a destruírnos uns a outros como se foramos feitos para outros usos, como as criaturas de inferior rango o foron con respecto a nós. **Cada un está obrigado a preservarse a si mesmo e a non abandonar o seu posto por libre decisión**, pola sinxela razón de que, **cando a súa propia preservación non está en xogo, deberá, tanto como poida, preservar o resto da humanidade**, e nunca, **excepto para facer xustiza a un ofensor**, roubar ou prexudicar a vida doutro, ou o que axude á súa preservación, liberdade, saúde, integridade ou bens.”

J.LOCKE: Dous Tratados sobre o goberno. (1.680-1.690). L.II: Sobre a verdadeira orixe, alcance e fins do Goberno Civil. Cap.2: Sobre o estado de Natureza. (Trad. gal. de M^a Esperanza González Escudero, IES Mendiño, Redondela)

1.- Cal cres que é a idea central do texto?

Os dereitos naturais da vida, liberdade e propiedade como límite á liberdade do ser humano no estado de natureza. Dereitos naturais que nunca poden ser violados agás para facer xustiza.

2.- De que estado fala Locke?

Estado de natureza

3.- Ten algún tipo de limitación o individuo dentro dese estado?

- Non é libre para suicidarse
- Non pode danar a outras persoas (agás autodefensa).
- Non pode matar outras criaturas da súa posesión (excepto si é para a súa preservación, comer, vestirse, etc.)

4.- Que obrigas ten o individuo dentro dese estado?

A respectar a *Lei da natureza* a cal implica o respecto á propiedade (vida, liberdade, integridade, posesións) tanto propia (preservación) como allea (preservación da humanidade).